

MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, CONCELEIRA-SECRETARIA DA XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO EXCMO. CONCELLO DE LUGO,

CERTIFICO: Que a Xunta de Goberno Local, en sesión ORDINARIA celebrada o día quince de xaneiro de dous mil catorce, adoptou, entre outros, o seguinte acordo:

3/21 CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO 2014. APROBACIÓN DOS PREGOS DE PRESCRICIÓNS TÉCNICAS E DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES, ASÍ COMO DO GASTO. APERTURA DO PROCEDEMENTO DE CONTRATACIÓN.- Examinado o expediente tramitado para os efectos e visto o informe proposta do Xefe de Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, do 7 de xaneiro de 2014 que, na súa parte expositiva, fai constar:

“ANTECEDENTES


- I. Prego de prescricións técnicas que rexerá na contratación da subministración de emulsión bituminosas para o mantemento de toda a rede de camiños municipais elaborado polo Enxeñeiro municipal don Alberto Cardama Cid.
- II.- Informe de Tesourería do 13 de novembro de 2013 de retención de créditos de exercicios posteriores (RCFUT 81184/13)
- III. Prego de cláusulas administrativas particulares que rexerá na contratación da subministración de referencia xunto co correspondente informe proposta redactado polo Servizo de Contratación do Concello en data 18 de novembro de 2013
- IV.- Informe favorable da Asesoría Xurídica do 20 de novembro de 2013
- V.- Mandamento contable de retención de crédito da Tesourería Municipal do 7 de xaneiro de 2014 por importe de 70.000 euros (RC 201400001438) na aplicación orzamentaria 45901.21000 do Orzamento Municipal prorrogado para 2014.
- VI.- Informe de fiscalización da Intervención municipal do 7 de xaneiro de 2014.

LEXISLACIÓN APLICABLE

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real decreto lexislativo 3/2011, do 14 de novembro, polo que se aproba o texto refundido da Lei de contratos do sector público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outra disposición legal vixente que lles sexa de aplicación ás corporacións locais.

CONSIDERACIÓNS XURÍDICAS

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 1/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x030030021

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-1-2014

Primeira. Este contrato pode ser cualificado como un contrato de subministración, que segundo o artigo 9 do TRLCSP serían aqueles 'que teñen por obxecto a adquisición, o arrendamento financeiro ou o arrendamento, con ou sen opción de compra, de produtos ou bens inmobles'.

Particularmente, trátase dun contrato de subministración regulado no artigo 9.3.a) da LCSP que os define como aqueles nos que o empresario se obriga a entregar unha pluralidade de bens de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude ó tempo de celebrar o contrato por estar subordinadas as entregas ás necesidades do adquirente.

O obxecto deste contrato é a adquisición por parte do Concello de Lugo de toneladas de emulsión asfáltica de forma sucesiva e por prezo unitario sen que a contía total se defina con exactitude.

O dito artigo establece que a adxudicación destes contratos efectuarase de acordo coas normas previstas no capítulo II do título II do libro III para os acordos marco celebrados con un único empresario.

Segunda. O prego de condicións elaborado para disciplinar a licitación e o contrato recolle as esixencias legais sinaladas e adáptase á normativa aplicable. Contén, con carácter xeral, os aspectos que son de contido obrigatorio, segundo o disposto no TRLCSP e 67.3 do RXLCAP, salvo os que non son procedentes tendo en conta a modalidade de contrato elixida.

O procedemento de adxudicación elixido é o aberto, previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP. Os criterios de adxudicación recollidos na cláusula décimo segunda do prego respectan, a criterio deste servizo, os principios de obxectividade e proporcionalidade esixidos polo TRLCSP xa que unicamente se valora o prezo.

Terceira.- En data 18 de novembro de 2013 foron redactados os pregos de cláusulas administrativas para a contratación deste servizo así como o correspondente informe proposta que, entre outros, propoñía a tramitación anticipada de gasto de conformidade co artigo 110.2 do TRLCSP sendo así que a habilitación do crédito quedaba condicionada á efectividade do compromiso de habilitación orzamentaria para o ano 2014.


O expediente de contratación non foi aprobado no exercicio 2013 polo que chegado o exercicio 2014 xa non existe empecemento en consignar orzamentariamente con cargo ó Orzamento Municipal de 2014 o crédito necesario para facer fronte a este contrato non sendo necesario realizar tramitación anticipada de gasto, como así se indica no informe da Intervención Municipal

En data 7 de xaneiro de 2014 a Tesourería Municipal indica que existe consignación para este contrato na aplicación 45901.21000 do vixente Orzamento Municipal.

En consecuencia, procede modificar as correspondentes cláusulas do prego de cláusulas administrativas particulares suprimindo a referencia da tramitación anticipada de gasto.

Así mesmo e de conformidade coas observacións da Intervención no informe de fiscalización procede detallar o réxime de pagamento das facturas para facilitar o

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 2/24 |
|  | | | |
| N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

cumprimento por parte da Administración da normativa en materia de estabilidade orzamentaria e demais vixente

Por outra banda e ante a entrada en vigor da Lei 22/2013, do 23 de decembro, de orzamentos xerais do Estado para o ano 2014 e á vista da disposición adicional octoxésima oitava – Desindexación respecto a índices xerais de contratos do sector público – procede suprimir na cláusula cuarta relativa ó Prezo a referencia ó índice de revisión de prezos , polo que non se aplicará índice algún como referencia para a revisión do contrato. Estarase neste punto ó disposto na lexislación vixente.

Cuarta. En canto ó órgano municipal competente para aprobar o expediente da contratación de referencia, de acordo co disposto na disposición adicional segunda do TRLCSP, á Xunta de Goberno Local correspóndenlle as contratacións e concesións, incluídas as de carácter plurianual.”


A Xunta de Goberno Local, no uso das súas atribucións, con base na proposta do referido servizo conformada pola Ilma. Sra. Tenenta de Alcalde Delegada da área respectiva, e por unanimidade dos seguintes asistentes: Excmo. Sr. DON JOSÉ CLEMENTE LÓPEZ OROZCO, Alcalde Presidente do Concello de Lugo (Grupo Municipal Socialista -GMS-); Ilmo. Sr. DON LUIS MANUEL ÁLVAREZ MARTÍNEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Urbanismo e Medio Ambiente (GMS); Ilma. Sra. DONA SONIA MÉNDEZ GARCÍA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Economía, Emprendemento, Autónomos e Educación (GMS); Ilma. Sra. DONA MARÍA DEL CARMEN BASADRE VÁZQUEZ, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua (GMS); Ilmo. Sr. DON MANUEL ENRIQUE CHAÍN FERNÁNDEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural (GMS); Ilmo. Sr. DON JOSÉ MANUEL DÍAZ GRANDÍO, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Deportes (GMS); Ilma. Sra. DONA ANA MARÍA GONZÁLEZ ABELLEIRA, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Benestar Social e Igualdade (GMS), e o Ilmo. Sr. DON MANUEL NÚÑEZ LÓPEZ, Tenente de Alcalde Delegado da Área de Servizos Xerais e Participación Cidadá (GMS), **ACORDA:**

PRIMEIRO.- Aprobar a contratación DE SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO 2014.

SEGUNDO.- Aprobar os pregos de cláusulas administrativas particulares e de prescricións técnicas que rexerán na licitación de referencia, e que, remitidos polo Servizo de Contratación, Patrimonio e Fomento, a continuación literalmente se transcriben:

A) “PREGO DE CLÁUSULAS ADMINISTRATIVAS PARTICULARES QUE REXERÁ NA CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 3/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO-2014

PRIMEIRA. OBXECTO DO ACORDO MARCO

É obxecto deste procedemento a celebración dun contrato de subministración instrumentalizado como acordo marco, para a entrega de forma sucesiva e por prezo unitario de emulsión bituminosa de fabricación catiónica con rotura rápida C65B3, todo isto segundo as características sinaladas no prego de condicións técnicas elaboradas polo enxeñeiro municipal.

CPV 14510000-9 Betún y asfalto

CNAE 2009 46.75 Comercio polo xunto de combustibles sólidos, líquidos y gaseosos e productos similares.

SEGUNDA. NATUREZA E RÉXIME XURÍDICO DO CONTRATO

Os contratos obxecto do acordo marco califícanse como contratos administrativos de subministración recollidos e regulados no artigo 9.3.a) do Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP), e que ten por obxecto a subministración de forma sucesiva e por prezo unitario de emulsión bituminosa ECR-2 sen que o número total de unidades (tonelada métrica) estea definido con exactitude ó tempo de celebrar o acordo marco por estar subordinadas as entregas ás necesidades do Concello de Lugo.


Para a lexislación aplicable, deberán terse en conta as seguintes disposicións:

- Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases do réxime local (LRBRL).
- Real decreto legislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de réxime local (TRRL).
- Lei 5/1997, do 22 de xullo, de Administración local de Galicia (LALG).
- Real Decreto Legislativo 3/2011 de 14 de novembro polo que se aproba o Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público (TRLCSP)
- Real decreto 1098/2001, do 12 de outubro, polo que se aproba o Regulamento xeral da Lei de contratos das administracións públicas (RXLCAP).
- Lei 31/1995 do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais (LPRL) e os seus regulamentos.
- Calquera outras disposicións legais vixentes que lles sexan de aplicación ás corporacións locais.

O órgano de contratación, conforme o disposto no artigo 210 do TRLCSP e dentro dos límites, e con suxeición ós requisitos e efectos sinalados nese texto legal e no resto da lexislación vixente, ten, respecto o acordo marco e os correspondentes contratos, as prerrogativas de interpretarlos, resolver as dúbidas que presente o seu cumprimento, modificalos por razóns de interese público, acadar a súa resolución e determinar os seus efectos.

Expresamente faise constar que no caso de existir algunha discrepancia entre os pregos de prescricións técnicas e o previsto neste prego de cláusulas administrativas, prevalecerá este último.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 4/24 |
|  | | | |
| N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

TERCEIRA. DURACION DO ACORDO MARCO

O acordo marco terá unha vixencia de UN ANO dende a data de formalización podendo prorrogarse por períodos máximos anuais máis por acordo expreso do órgano de contratación ata un máximo de TRES ANOS incluídas as prórrogas.

CUARTA. PREZO DO CONTRATO

1.- O valor estimado do acordo marco calcúlase da seguinte forma:

A cantidade anual a subministrar estimase en 148,72 toneladas métricas sen que o concello teña a obriga de levar a efecto unha determinada contía da subministración, de conformidade co artigo 9.3.a) do TRLCSP.

O **prezo unitario máximo** por tonelada métrica fíxese en **389 euros/tm máis o IVE** (21%) -81,69- polo que o prezo unitario ascende a 470,69 euros IVE incluído

En consecuencia, **o presuposto máximo para a primeira anualidade ascende a 70.000 euros IVE incluído**. Esta cantidade indícase unicamente a efectos de publicidade do procedemento, sen que supoña en ningún momento un compromiso de gasto por parte do Concello de Lugo.

Non obstante o prezo unitario será o ofertado polos licitadores nas súas proposicións.

2.- O valor estimado do contrato tendo en conta a duración do contrato incluídas as prórrogas ascende a 173.556,24 euros.

No suposto de que, con motivo da baixa no prezo unitario dos bens a subministrar ofertado polo adxudicatario, se producise un aforro respecto ó presuposto de licitación, o importe do dito aforro poderá ser destinado a incrementar o número de unidades a subministrar ata igualar o correspondente presuposto de licitación. Asimesmo o valor estimado pode verse incrementado por ser maiores as necesidades do adquirente ás inicialmente previstas, de acordo co previsto no artigo 9.3.a) do TRLCSP sempre previa fiscalización do expediente de gasto.

3.- Faise constar a existencia de consignación orzamentaria na aplicación 45901.21000 do vixente Orzamento correspondente por importe de 70.000 euros.

De conformidade co artigo 174.1 do Real Decreto Lexislativo 2/2004 de 5 de marzo, o crédito correspondente á cobertura de obrigas que, de ser o caso, se devenguen no exercizo 2015 e sucesivas prórrogas queda condicionado á adopción do compromiso de habilitación de crédito para os ditos orzamentos polo órgano competente.

QUINTA. PROCEDEMENTO E FORMA DE ADXUDICACIÓN. CAPACIDADE DE LICITAR.

O presente contrato adxudicarase polo procedemento **aberto** previsto e regulado polos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

Están facultados para tomar parte na licitación e contratar con este Excmo. Concello as persoas naturais ou xurídicas, españolas ou estranxeiras, que teñan plena capacidade de obrar, non estean incursoas en prohibición de contratar, e acrediten a súa solvencia económica, financeira e técnica e profesional segundo o establecido nos artigos 55 e seguintes do TRLCSP

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 5/24 |



N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==

Ademais das condicións xerais esixidas pola Lei, a empresa adxudicataria deberá dispoñer dunha organización con elementos persoais e materiais suficientes para a debida execución do contrato.

Os empresarios deberán contar, así mesmo, coa habilitación empresarial ou profesional que, de ser o caso, sexa esixible para a realización da actividade ou prestación que constituía o obxecto do contrato.

Poderán, así mesmo, presentar proposicións as **unións de empresarios** que se constituán temporalmente de conformidade co artigo 59 do TRLCSP. Cada un dos empresarios que compoñen a agrupación, deberá acreditar a súa capacidade de obrar e a súa solvencia económica, financeira e técnica ou profesional, coa presentación da documentación a que fan referencia as cláusulas seguintes, e deberán indicar en documento privado os nomes e circunstancias dos empresarios que subscriban, a participación de cada un deles e a persoa ou entidade que, durante a vixencia do contrato, posuirá a plena representación ante a administración, e que asumen o compromiso de constituírse en unión temporal de empresas. O citado documento deberá estar firmado polos representantes de cada unha das empresas compoñentes da unión.

SEXTA. CRITERIOS DE SOLVENCIA ECONÓMICA, FINANCEIRA E TÉCNICA. COMPROMISO DE ADSCRIPCIÓN DE MEDIOS MATERIAIS

6.1.-A xustificación da solvencia económica e financeira deberá acreditarse por un ou varios dos medios seguintes:

- Declaracións apropiadas de entidades financeiras ou, se é o caso, xustificante da existencia dun seguro de indemnización por riscos profesionais.
- Contas anuais presentadas no Rexistro Mercantil ou no Rexistro oficial que corresponda. Os empresarios non obrigados a presentar as contas en rexistros oficiais poderán achegar, como medio alternativo de acreditación, os libros de contabilidade debidamente legalizados.
- Declaración sobre o volume global de negocios e, se é o caso, sobre o volume de negocios no ámbito de actividades correspondente ó obxecto deste contrato, referido como máximo ós tres últimos exercicios dispoñibles en función da data de creación ou do inicio das actividades do empresario, na medida en que se dispoña das referencias do dito volume de negocio.

Se por razóns xustificadas un empresario non pode facilitar as referencias solicitadas, poderá acreditar a súa solvencia económica e financeira por calquera outra documentación considerada como suficiente pola Administración.


6.2 A solvencia técnica **deberá ser** xustificada do seguinte modo:

- Experiencia na realización de subministracións de emulsión bituminosas, por un importe en conxunto mínimo de **210.000** euros, IVE incluído, nos derradeiros **3** anos.

A tal efecto presentarán unha relación asinada polo licitador e comprensiva Das subministracións realizadas, descripción de cada un dos contratos, destinatario, importe e data de realización.

Xunto con esta relación achegarán certificado expedido ou visado polo órgano competente cando o destinatario sexa unha entidade do sector público e cando o

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|--|-------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 6/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | | | |

destinatario sexa un comprador privado mediante un certificado expedido por este, copia do contrato, informe da empresa contratante ou mediante a declaración do empresario de xeito que se permita comprobar o seu cumprimento.

De conformidade co artigo 64 do TRLCSP esixese que os licitadores presenten o **compromiso de adscribir á execución do contrato obrigatoriamente os medios materiais esixidos no apartado quinto do prego de prescricións técnicas, consistente en dispoñer dun punto de entrega do subministro dentro dun radio de 25 quilómetros medidos dende o centro da cidade de Lugo**

O compromiso de adscripción presentarase mediante declaración conforme o modelo do ANEXO IV que se incluírá dentro do sobre A

Este compromiso configúrase como unha **obriga contractual esencial** do contrato ós efectos do artigo 223 do TRLCSP.

A empresa licitadora que resulte seleccionada deberá, de conformidade co artigo 151.2 do TRLCSP e coa cláusula décimo terceira destes pregos de cláusulas administrativas, acreditar que dispon efectivamente dos medios que se comprometeu a adscribir á execución deste contrato.

SÉTIMA. GARANTÍAS

De conformidade co artigo 103 do TRCSP non resulta esixible a constitución de garantía provisional.

O licitador que presente a oferta economicamente máis ventaxosa estará obrigado a constituír unha garantía definitiva dun 5% do importe de adxudicación, excluído o IVE, no prazo máximo de 10 días hábiles contados a partir do seguinte a aquel en que recibese o requerimento a que se refire o artigo 151.2 do TRLCSP. De non cumprirse este requisito en prazo entenderase que o licitador retirou a súa oferta procedéndose neste caso a recabar a mesma documentación ó licitador seguinte pola orde en que quedasen clasificadas as ofertas.


As garantías poderán prestarse nalgunha das formas sinaladas no artigo 96 do TRLCSP, esto é:

- En efectivo ou en valores de debeda pública, con suxeición, en cada caso, ás condicións establecidas no TRLCSP e normas de desenvolvemento.
- Mediante aval, prestado na forma e condicións que establezan as normas de desenvolvemento do TRLCSP, por algún dos bancos, caixas de aforro, cooperativas de crédito, establecementos financeiros de crédito e sociedades de garantía recíproca autorizados para operar en España, que deberán depositarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.
- Mediante contrato de seguro de caución celebrado cunha entidade aseguradora autorizada para operar no ramo. O certificado de seguro deberá entregarse nos establecementos sinalados no artigo 96 do TRLCSP.

OITAVA. PRAZO DE PRESENTACIÓN DE PROPOSICIÓNS

O Concello de Lugo publicará un anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello (www.lugo.es – zona de servizos)

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 7/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

O prazo de presentación de proposicións será de **quinze días naturais** contados dende a publicación do anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo.

NOVENA. PRESENTACIÓN DAS PROPOSICIÓNS

As empresas presentarán a súa proposición en DOUS sobres pechados, asinados polo propoñente ou polo seu representante, facendo constar o título do procedemento, nome do licitador, enderezo, teléfono e fax, para os efectos de notificacións. Os ditos sobres denominaranse coas letras A, DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA, e letra B relativa á OFERTA ECONÓMICA

Os sobres de que consta a proposición presentaranse, durante o prazo sinalado na cláusula oitava, antes sinalada, no Rexistro Xeral do Excmo. Concello de Lugo, en horario das 9 ás 14 horas (de luns a venres) ou enviadas por correo. No suposto que o último día de presentación das proposicións coincidise en sábado ou festivo prorrogarase ó seguinte día hábil. O mesmo tratamento terá no caso de coincidir o último día no 22 de maio 8 Santa Rita ou no 24 e 31 de decembro.

Cando as proposicións se envíen por correo, o empresario deberá xustificar a data de imposición do envío e anunciarlle ó órgano de contratación a remisión da oferta mediante télex, telegrama ou fax no mesmo día. Sen a concorrencia de ambos os dous requisitos, non será admitida a proposición se é recibida polo órgano de contratación con posterioridade á data de remate do prazo sinalado no anuncio. Transcorridos, non obstante, 10 días naturais seguintes á dita data sen se recibir a proposición, esta non será admitida en ningún caso.

DÉCIMA. DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA E OFERTA ECONÓMICA

O sobre A - DOCUMENTACIÓN ADMINISTRATIVA - conterá, como mínimo, os seguintes documentos:

1.- Acreditativos da **personalidade e capacidade** do licitador, que serán:

a) Se se trata de empresario individual (persoa física), copia auténtica do DNI

b) Os restantes empresarios (persoas xurídicas):

-Escritura de constitución ou modificación se é o caso debidamente inscrita no seu correspondente rexistro mercantil cando este requisito fose esixible conforme á lexislación que lle sexa aplicable.

Se é o caso, mediante a presentación de escritura ou documento de constitución ou modificación dos estatutos ou acto fundacional no que consten as normas polas que se regula a súa actividade, inscritos se é o caso, no correspondente Rexistro Oficial.


-Copia do DNI da persoa representante asinante da proposición.

2.- Acreditativos da **extensión das facultades do representante ou apoderado:**

Cando o licitador actúe mediante representante ou se trate dunha sociedade ou persoa xurídica deberá realizar o bastanteo do poder para o que presentará documento fidedigno acreditativo da existencia da representación e do ámbito das súas facultades para licitar inscrito no Rexistro Mercantil.

O dito documento ou poder de representación deberá estar bastanteado por funcionarios/as do servizo municipal de contratación do Concello habilitados ó

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 8/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

efecto con anterioridade ó remate do prazo establecido para a presentación da documentación e ofertas. A taxa por este bastanteo ascende a **10,20 euros**. Para proceder ó pagamento da taxa deberán seguirse as *instrucións para pagamento de gastos derivados da participación nos procedementos de contratación* que están a disposición dos interesados no perfil do contratante da páxina web municipal

3.- **Declaración responsable** do licitador outorgada ante o Concello de Lugo, notario ou organismo profesional cualificado na que se faga constar **que non se atopa incurso en ningunha das prohibicións para contratar co Concello de Lugo previstas no artigo 60 do TRLCSP e de que se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias -incluídas tamén co Concello de Lugo- e de Seguridade Social** impostas polas disposicións vixentes. Nesta declaración farase constar asimesmo que o licitador esta dado de alta no IAE no epígrafe correspondente ó obxecto do contrato non habendo causado baixa neste.

Non obstante, os licitadores deberán ter en conta que, no caso de ser seleccionados para ser adxudicatarios, deberán acreditar debidamente estas circunstancias no prazo e coas formalidades previstas na Lei e neste prego.

Cando se trate de empresas de Estados membros da Unión Europea ou signatarios do Acordo sobre o Espazo económico europeo e esta posibilidade estea prevista na lexislación do Estado respectivo, poderá tamén substituírse por declaración responsable ante unha autoridade xudicial.

O cumprimento das obrigas tributarias pode substituírse por certificacións expedidas pola Axencia Estatal da Administración Tributaria segundo se trate de tributos estatais e das obrigas de Seguridade Social mediante certificación expedida pola Tesourería Xeral da Seguridade Social.


4.- Presentación da **alta e, no seu caso, do derradeiro recibo do Imposto sobre Actividades Económicas completado cunha declaración responsable de non terse dado de baixa na matrícula do dito imposto.**

Sen prexuízo da obriga de acreditar a alta no dito imposto, no suposto de atoparse nalgunha das exencións reguladas no artigo 82.1. do Real Decreto Lexislativo 2/2004 do 5 de marzo polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, deberá xustificarse mediante unha resolución expresa da concesión da exención da Administración competente ou unha declaración responsable de ter unha cifra de negocios inferior a un millón de euros.

Os suxeitos pasivos aos que se refire o artigo 82.1.a), d), g) e h) do Real Decreto lexislativo 2/2004 non estarán obrigados a presentar declaración de alta na matrícula do imposto

Quedarán dispensados de presentar a documentación referida nos catro apartados anteriores os licitadores inscritos no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia agás para o cumprimento do requisito de atoparse ó corrente coas obrigas tributarias co Concello de Lugo por non ser de obrigada inscrición nos ditos Rexistros. **Para a acreditación deste requisito deberá achegar unha declaración responsable conforme o modelo do ANEXO III deste prego de cláusulas administrativas.**

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|-------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 9/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x030030021

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-1-2014

A efectos desta dispensa os licitadores deberán achegar no sobre A o número de inscrición e incluír a correspondente certificación onde se reflicta a información a que se refiren os parágrafos anteriores. Esta dispensa terá validez sempre e cando a información que facilite o dito certificado estea vixente na data límite do prazo sinalado para a presentación de ofertas.

Conforme o establecido no artigo 146 do TRLCSP deberá achegar unha **declaración responsable (conforme modelo ANEXO II) no que se manifieste que as circunstancias reflectidas no correspondente certificado non experimentaron variación.** A dita declaración reiterarase no caso de resultar seleccionado e no documento no que se formalice o contrato.

5.- Acreditación da **solvencia económica e financeira** así como **solvencia técnica e profesional** polos medios indicados na cláusula sexta deste prego de cláusulas.

Os licitadores con inscrición no Rexistro Oficial de Licitadores e Empresas Clasificadas do Estado ou no Rexistro Xeral de Contratistas da Comunidade Autónoma de Galicia deberán presentar - no caso de non reflectirse esta información no correspondente certificado - a documentación acreditativa da solvencia económica e financeira así como a solvencia técnica e profesional agás nos casos que de conformidade cos artigos 62.2 e 74.2 do TRLCSP a xustificación da solvencia poda substituírse pola correspondente clasificación.

6.- No caso de que as propostas fosen presentadas por estranxeiros, ademais da anterior documentación, terán que aportar a seguinte:

a) Os licitadores estranxeiros de estados membros da Unión Europea ou asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo acreditarán a súa capacidade de obrar mediante a inscrición nos rexistros ou presentación das certificacións que se sinalan no Anexo I do Real Decreto 1098/2001, do 12 de outubro.


b) Os licitadores de estados non membros da Comunidade Europea e dos non asinantes do acordo sobre o espazo económico europeo ademais de acreditar a súa capacidade para contratar e obrigarse conforme á lexislación do seu estado e a súa solvencia económica, financeira, deberán presentar os seguintes documentos:

- Informe expedido pola Misión Diplomática Permanente ou Oficina Consular de España no lugar de domicilio da empresa no que se faga constar, previa demostración pola empresa, que figura inscrita no Rexistro local, profesional, comercial ou análogo ou, no seu defecto, que actúan con habitualidade no tráfico local.

- Informe de reciprocidade da Misión Diplomática Permanente de España na que faga constar que o estado de procedencia da empresa admite pola súa vez a participación de empresas españolas na contratación coa administración en forma sustancialmente análoga. Excepción deste requisito os casos de contratos suxeitos a regulación harmonizada en relación coas empresas de Estados signatarios do Acordo sobre Contratación Pública da Organización Mundial do Comercio (art. 55 do TRLCSP)

En todo caso, as empresas estranxeiras deberán asinar unha declaración de sometemento á xurisdición dos xulgados e tribunais españois de calquera orde para

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 10/24 |
|  | | | |
| N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

a resolución de calquera das cuestións litixiosas que puideran xurdir durante a formalización e execución do contrato.

Os licitadores estranxeiros presentarán os documentos que teñan que aportar traducidos de forma oficial en calquera dos idiomas galego ou castelán.

7.- **Compromiso de adscripción dos medios materiais** esixidos na cláusula quinta do prego de prescricións técnicas asinado polo licitador conforme o modelo do **ANEXO IV**

Os documentos a que se refire esta cláusula poderán ser orixinais ou presentarse mediante copia autenticada por notario ou polo/a funcionario/a encargado/a do Rexistro deste Excmo. Concello.

A inclusión errónea de documentación que deba estar incluída no sobre B dentro do sobre A implicará automaticamente o rexeitamento da proposición O sobre B , OFERTA ECONÓMICA, conterá o seguinte modelo, debidamente cuberto.

Don, con enderezo en e DNI número....., expedido o, en plena posesión da súa capacidade xurídica e de obrar, en nome propio (ou en representación de, con DNI ou CIF número,), fai constar:

a) Que solicita tomar parte no procedemento convocado para a **CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSAS PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMENTO ABERTO -2014**

b) Que me comprometo a executar a subministración que se derive do acordo marco de conformidade cos seguintes prezos unitarios máximos que se indican:
..... euros/tm máiseuros en concepto de IVE (21%), sendo o prezo total de Euros/tm IVE engadido.

c) Acepta incondicionalmente cantas obrigas se deriven do prego de cláusulas administrativas particulares e das condicións técnicas, como licitador e como adxudicatario, se é o caso.

d) Reúne todas e cada unha das condicións esixidas para contratar coa Administración.

(Lugar, data e sinatura)

DÉCIMO PRIMEIRA. MESA DE CONTRATACIÓN E APERTURA DAS PROPOSICIÓNS.

De conformidade co previsto no artigo 320 do TRLCSP a Mesa de Contratación estará integrada por:


PRESIDENTA: Sra Concelleira Delegada da Area de Economía e Emprego.

VOCAIS:

- O Concelleiro Delegado de Infraestructuras e Zona Rural
- Un Concelleiro de cada un dos grupos políticos que forman a Corporación
- Interventor Xeral ou funcionario/a que o substitúa
- A Titular da Asesoría Xurídica do Concello ou funcionario/a que a substitúa.

SECRETARIO: O xefe do servizo de contratación ou funcionario/a que o substitúa.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 11/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | | | |

O acto público de apertura dos sobres B celebrárase ó segundo día natural contado a partires do remate do prazo de presentación de proposicións, procedéndose previamente á apertura e cualificación da documentación administrativa (sobre A). Se dito día coincidise en sábado ou festivo, a apertura realizarase ó seguinte día hábil. O devandito prazo ampliarase, no caso de ser necesario, ata o undécimo día, no suposto de recibirse regulamentariamente o aviso de presentación das proposicións por correo.

No caso de que a apertura do sobre B se realice en día distinto ó sinalado así como nos casos de celebración pola Mesa de Contratación de sesións que deban realizarse en acto público, os licitadores serán convocados mediante inserción da convocatoria no perfil do contratante do Concello de Lugo cunha antelación mínima de 48 horas respecto á data da celebración da sesión.

DÉCIMO SEGUNDA. CRITERIOS DE ADXUDICACION

Os **critérios de adxudicación** para a selección da empresa adxudicataria serán os seguintes:

Oferta económica: ata 10 puntos.

Para a valoración da oferta económica (P) aplicarase un criterio de proporcionalidade respecto da oferta menor (Oferta mínima) a quen se lle atribuirá a puntuación máxima, calculando a ponderación das demais conforme a fórmula seguinte:

$$P = \frac{10 \times \text{oferta mínima}}{\text{Oferta licitador}}$$

Consideraranse anormais ou desproporcionadas as ofertas que se atopen nos supostos previstos regulamentariamente (RD 1098/2001)

DÉCIMO TERCEIRA. ADXUDICACIÓN DO ACORDO MARCO


A adxudicación do acordo marco será realizada polo órgano competente, a proposta da mesa de contratación. Unha vez seleccionada a oferta economicamente máis vantaxosa segundo os criterios de adxudicación establecidos neste prego, requirirase ao licitador que presentase esta oferta para que, dentro do prazo de dez días hábiles contados dende o seguinte a aquel no que recibira o requirimento, presente a documentación acreditativa de estar ó corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e de Seguridade Social e de ter constituída a garantía definitiva que sexa procedente.

Asimesmo e dentro deste prazo de dez días hábiles deberá presentar a **documentación xustificativa que permita acreditar a disposición efectiva dos medios materiais que se comprometeu a adscribir para a execución do contrato** e, particular deberá achegar:

- Compromiso de disponibilidad para a execución do contrato dun punto de subministración achegando o documento que acredite a propiedade, aluguer ou cesión do uso segundo proceda cunha descripción das instalacións que asegure o cumprimento das condicións técnicas esixidas.

De non cumprirse axeitadamente o requirimento no prazo sinalado, entenderase que o licitador retira a súa oferta, procedéndose nese caso a recabar a

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 12/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

mesma documentación ao licitador seguinte, pola orde na que que quedaran clasificadas as ofertas.

O órgano de contratación adxudicará o acordo marco dentro dos cinco días hábiles seguintes á recepción da documentación.

Unha vez acordada a adxudicación, notificarase aos candidatos ou licitadores e, simultaneamente, publicarase no perfil do contratante

Na notificación así como no perfil do contratante indicarse o prazo en que debe procederse á formalización do acordo marco

O órgano de contratación poderá renunciar á celebración do acordo marco así como desistir do procedemento de conformidade co establecido no artigo 139 da LCSP.

DÉCIMO CUARTA. FORMALIZACIÓN DO ACORDO MARCO

A formalización do acordo marco en documento administrativo efectuarase dentro do prazo de quince días hábiles contados dende o seguinte ó da notificación da adxudicación, constituíndo dito documento título suficiente para acceder a calquera rexistro público. Non obstante, o contratista poderá solicitar que o contrato se eleve a escritura pública, correndo do seu cargo os correspondentes gastos.

Antes da formalización do acordo marco a empresa adxudicataria deberá achegar xustificante de aboamento dos gastos de anuncios e do importe dos anuncios e do importe dos impostos, dereitos, taxas, prezos públicos e demais que orixine a licitación e formalización do contrato

No caso de que o acordo marco fose adxudicado a unha agrupación de empresas, deberán acreditar a súa constitución en escritura pública, dentro do prazo outorgado para a formalización do contrato.

Cando por causas imputables ó contratista non se puidese formalizar o acordo marco dentro do prazo sinalado, o Concello poderá acordar a incautación sobre a garantía definitiva do importe da garantía provisional que se é o caso houbera esixido.

DÉCIMO QUINTA. EXECUCIÓN DO ACORDO MARCO. FACULTADES DO CONCELLO DE LUGO.

1.- De conformidade co artigo 198 os contratos baseados no acordo marco adxudicaránse segundo os termos neste prego. O órgano de contratación poderá consultar por escrito ó empresario, pedíndolle, se fose necesario, que complete a súa oferta. Así mesmo e dado que os prezos unitarios do acordo marco terán carácter de máximos, estes poderán ser mellorados á baixa en función da consulta por escrito que se faga ó contratista.

En todo caso, o adxudicatario deberá comunicar ó responsable do acordo marco calquera oferta singularizada ou campaña que proxecte realizar e que mellore a calidade do produto ou do prezo, sexa para o sector público ou para o sector privado, e que resultará directamente aplicable ós pedidos efectuados polo concello de Lugo.

2.- Dado que os termos e condicións da subministración están perfectamente definidas no prego de prescricións técnicas, para a execución do acordo marco

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 13/24 |



N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==

ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x030030021

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-1-2014

bastará que o responsable do contrato solicite, a medida que aparezan as necesidades de adquisición do produto e mediante a remisión dunha folla de pedido, a subministración dos produtos nas cantidades necesarias.

As ofertas da empresa deberán presentarse no prazo máximo de cinco días hábiles e concretarán os prezos unitarios e, se é o caso, as reducións ou descontos que procedan conforme o apartado anterior.

Recibida a oferta, o órgano de contratación adxudicará o contrato conforme o modelo que figura no Anexo V destes pregos e o notificará ó contratista.

3.- Os traballos que se deriven deste acordo marco e contratos executaranse con estrita suxeición ás cláusulas estipuladas neste prego e no prego de prescricións técnicas aprobado polo Concello e conforme as instrucións que, en interpretación técnica deste, dera ó contratista o responsable do acordo marco (o funcionario responsable da zona rural), a cal terá as facultades sinaladas no artigo 52 do TRLCSP.

Cando as instrucións fosen de carácter verbal deberán ser ratificadas por escrito, o máis axiña posible, para que sexan vinculantes ás partes.

4. Se durante o desenvolvemento dos traballos se detectase a conveniencia ou necesidade da súa modificación ou a realización de actuacións non contratadas, actuarase na forma prevista nos artigos 105 e seguintes do TRLCSP.

5. Os dereitos e obrigacións dimanantes do contrato poderán ser cedidos a un terceiro sempre que se cumpran os requisitos establecidos no artigo 226 do TRLCSP e que as calidades técnicas ou persoais do cedente non foran razón determinante da adxudicación do contrato.


6.- A emulsión deberá cumprir coas especificacións establecidas no apartado segunda do prego de prescricións técnicas así como as especificacións bituminosas catiónicas contidas na Orde ministerial de 27-12-99 e calquera outra que esixa a normativa en cada momento.

En todo caso e dado que a calidade do produto pretende asegurar unha adecuada adherencia co material granulométrico pode ocorrer que, aínda que o material ofertado reúna tódalas características esixidas no prego de condicións, o produto non se adhira satisfactoriamente. Por este motivo, unha vez subministrado o produto e aplicado á superficie establecerase un **período de proba de UN MES** co fin de determinar "in situ" se o produto se adhire correctamente ó pavimento. En caso de que a valoración resulte desfavorable o concello rexeitará o produto e requirirase á empresa o seu cambio por outro que, tralo período de proba, sí cumpra.

A tal efecto e de conformidade co artigo 295 do TRLCSP a Administración terá a facultade de inspeccionar ou ser informada do proceso de fabricación e elaboración do produto que deba entregarse, podendo realizar análises, ensaios ou probas dos materiais. Os gastos destes análises correrán a conta do contratista.

7. Faise constar expresamente que a contratación polo adxudicatario da realización parcial do contrato con terceiros estará suxeita ós requisitos establecidos no artigo 227, así como o pagamento a subcontratistas e subministradores deberá axustarse ó disposto no artigo 228 do TRLCSP

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 14/24 |
|  | | | |
| N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

A los efectos del artículo 223.h) del TRLCSP faise constar que a falta de pagamento a provedores e subcontratistas para a execución deste contrato poderá dar lugar á resolución deste contrato.

De conformidade co artigo 228 bis do TRLCSP o Concello de Lugo poderá comprobar o estricto cumprimento dos pagamentos do contratista cos seus subcontratistas e subministradores. En consecuencia o contratista está obrigado a pagar ós subcontratistas e/ou subministradores os prezos pactados nos prazos legalmente establecidos e xustificar esta circunstancia ó Concello de Lugo cando así se requira.

Esta obriga ten a consideración de **condición esencial de execución** e o seu incumplimento dará lugar á imposición de penalidades previstas neste prezo así como á resolución do contrato de conformidade co artículo 223.h) del TRLCSP.

DÉCIMO SEXTA.- LUGAR E PRAZO DE ENTREGA

O adxudicatario deberá contar cun punto de subministración ubicado nun radio de 25 quilómetros máximos medidos dende o centro da cidade de Lugo.

A entrega do produto solicitado será inmediata e realizarase no dito punto de subministración á que acudirán o pesoal municipal cun vehículo adecuado para a recepción do produto. A tal efecto o responsable municipal comunicará ó responsable da empresa cunha antelación mínima de 48 horas o día e hora prevista para a entrega.

A mora do adxudicatario non precisará de previa intimación por parte do Concello.

O adxudicatario non terá dereito a indemnización por causa de perdas, avarías ou perxuízos ocasionados ós bens antes da súa entrega ó Concello.

No momento da entrega levantarase a correspondente acta de recepción. Se os bens non estivesen en estado de ser recibidos farase constar así na acta e daránse as instrucións oportunas ó contratista para que subsane os defectos observados ou se proceda a un novo suministro de conformidade co pactado.

Establecese un prazo mínimo de garantía de UN ANO contados a partir da data de aplicación do produto. Durante este prazo o adxudicatario está obrigado a substituir, correxir ou reparar os elementos que presenten defectos de fabricación, instalación ou funcionamento.

DÉCIMO SÉTIMA.- GASTOS

Os gastos derivados da contratación e da formalización do acordo marco (300 euros aproximadamente) serán por conta do contratista adxudicatario.

Encontrarase, así mesmo obrigado, se fose necesario, ó pagamento de todos os xéneros de tributos estatais, locais e autonómicos e a solicitar a concesión das autorizacións e licenzas que lle fosen necesarias das administracións ou organismos públicos ou privados, e serán da súa conta as xestións e gastos que se ocasionen.

DÉCIMO OITAVA. CUMPRIMENTO DAS OBRIGAS SOCIAIS E LABORAIS

- O contratista estará obrigado a cumprir as disposicións vixentes en materia de protección da industria.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 15/24 |



ACTAS E GOBERNO

MGF/mbfc

Refª: 14x030030021

Asunto: XUNTA DE GOBERNO LOCAL DO 15-1-2014

- O contratista está obrigado, igualmente, a cumprir as obrigas impostas nas disposicións vixentes en materia laboral en particular o pagamento dos salarios e cotizacións a que veña obrigado, así como a cumprir as obrigas en materia de seguridade social e de seguridade e Hixiene no traballo impostas nas disposicións vixentes.

- O contratista comprométese a adoptar as medidas necesarias, tanto de carácter técnico como organizativo que garantan a seguridade dos datos que lles sexan facilitados ou ós que teñan acceso co fin de evitar a súa alteración, uso inadecuado, perda, tratamento e acceso non autorizado e a gardar sxiilo e segredo profesional aínda despois de rematar a relación co Concello de Lugo.

Para o cumprimento da Lei 31/1995, do 8 de novembro, de prevención de riscos laborais, a empresa deberá de achegarlle ó Gabinete de Prevención de Riscos laborais do Concello con carácter previo ó inicio da prestación de que se trate a seguinte documentación:

1.- Xustificación da modalidade de desenvolvemento da actividade preventiva na empresa.

a) No suposto de que esta concertase un servizo de prevención alleo, deberá presentar certificación del, comprensiva das especialidades concertadas e vixencia do concerto.

b) No suposto de que sexa membro dun servizo mancomunado, deberá presentar a acta da súa constitución.

c) Se existe un traballador designado, haberá de indicarse o seu nome, así como a súa aceptación.

2.- Certificación de que a avaliación e plan de acción están feitas ou en procedemento, así como acreditar que foi realizada a información e formación dos traballadores, ou ben que se está realizando.


3.- No caso de que a empresa contratista subcontrate todos ou parte dos traballos con outras empresas, estas deberán de achegarlle a documentación esixida ó contratista principal, e este será responsable en caso de non levarlos a cabo.

4.- En todo caso o Concello, en calquera momento durante o prazo de vixencia do contrato, poderá solicitar da empresa contratista ou subcontratista os requisitos legalmente establecidos na lexislación de prevención de riscos laborais.

5.- No caso de non achegar a dita documentación, non poderá realizarse a contratación. E no mantemento de tales requisitos durante o prazo de vixencia do contrato dará lugar á súa rescisión sen que iso xere ningún tipo de indemnización a favor da empresa.

O incumprimento das obrigas sinalada nesta cláusula ou calquera outra que lle veña imposta polo carácter de empregador ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante. En calquera caso, o contratista indemnizará ó concello de Lugo por toda cantidade que se vira obrigada a pagar por incumprimento das obrigas establecidas nesta cláusula xa se impoña por resolución xudicial ou administrativa.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 16/24 |
|  | | | |
| N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

O incumprimento destas obrigas por parte do contratista ou a infracción das disposicións sobre seguridade por parte do persoal técnico designado por el non implicará responsabilidade ningunha para a Administración contratante.

Os efectos do establecido no artigo 223 as obrigas establecidas nesta clausula teñen o carácter de **obrigas contractuais esenciais** cuxo incumprimento dará lugar a resolución. Para o cumprimento desta obriga a empresa contratista deberá manter actualizado en todo momento ó longo da vida do contrato os correspondentes certificados de atoparse ó corrente coa Seguridade Social e coa Administración Tributaria estatal que se presentarán, cando sexa procedente, xunto coas correspondentes facturas para a súa tramitación polo responsable do contrato.

Asimismo poderá esixirse calquera documentación que o Concello estime oportuna para a comprobación do cumprimento das obrigas laborais e demais sinaladas.

A autorización para acceder ós datos de carácter persoal que consten na Seguridade Social así como na Axencia Estatal da Administración Tributaria-que se achegará polo contratista previamente á formalización do contrato- no excusará da obriga de presentar os certificados anteriormente sinalados.

DÉCIMO NOVENA. RESPONSABILIDADE DO ADXUDICATARIO E OBRIGAS ESPECIAIS

O adxudicatario asumirá a total responsabilidade da execución do contrato fronte ó Excmo. Concello de Lugo, axustándose estritamente a este prego, ó prego de condicións técnicas e demais aspectos contractuais, así como o previsto no LCSP e calquera outra normativa aplicable.

O persoal propio da empresa adxudicataria non terá vinculación laboral, administrativa nin de calquera outra modalidade co Excmo. Concello de Lugo.

Para os efectos da responsabilidade que puidese derivarse para o adxudicatario por danos fronte a terceiros, por causa imputable á empresa ou a calquera dos seus elementos adscritos ó contrato, presentarse, previamente á formalización do contrato administrativo, seguro de responsabilidade civil para a cobertura dos riscos que puidesen derivarse da relación contractual co Excmo. Concello de Lugo.


Malia o anterior, o contratista non será responsable dos danos e perdas ocasionados cando sexan consecuencia dunha orde directa da Administración.

DECIMO NOVENA. PAGAMENTO

O pagamento efectuarase contra facturas, unha vez recibido o produto e efectuados os controles regulamentarios correspondentes e conformadas polo responsable municipal, o Concelleiro Delegado da Área de Infraestrutura e Zona Rural así como pola Concelleira Delegada da Area de Economía, Emprendemento, autónomos e educación

Para proceder ó pagamento das facturas correspondentes estas deberán presentarse no Rexistro Xeral do Concello de Lugo no prazo máximo de trinta días dende a realización da subministración debendo achegarse xunto coas ditas facturas os correspondentes albarán debidamente asinados polo traballador municipal que recibise a subministración.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 17/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

O pagamento deberán ser conformadas polo responsable municipal e concelleiros responsables e aprobadas. Unha vez aprobadas polo órgano competente serán abonadas no prazo máximo de trinta días.

VIXÉSIMA. EXTINCIÓN DO CONTRATO

Ademais de polo seu cumprimento, o contrato poderá extinguirse polas causas previstas no artigo 223 e 308, así como polo incumplimento por parte do adxudicatario das obrigas sinaladas nas condicións de execución do contrato establecido no prego de prescricións técnicas.

A Administración estará facultada para proceder á resolución do contrato polas causas sinaladas no parágrafo anterior e cos efectos previstos nos artigos 224 e 225 do TRLCSP.

Ós efectos do artigo 223.f), consideranse **obrigas contractuais esenciais** cuio incumplimento poderá dar lugar á resolución do contrato as obrigas e condicións esenciais sinaladas na cláusula **décimo quinta e décimo oitava** deste prego. Asimesmo poderá dar lugar á resolución do contrato a reiterada obstrucción ou falla de colaboración para facer efectivas as facultades de dirección, inspección e supervisión da obra recoñecidas a esta Administración previamente advertidas por escrito.

Para os efectos de resolución do contrato incoarase un procedemento contradictorio no que se lle outorgue audiencia ó contratista para os efectos de formulación de alegacións e presentación de cantos documentos estime conveniente en defensa dos seus dereitos.

A resolución do contrato por incumplimento culpable do contratista implicará a incautación da garantía definitiva sen perxuízo da indemnización, se é o caso, polos danos e perxuízos causados no que exceda do importe da garantía definitiva

VIXÉSIMO PRIMEIRA.- RÉXIME DE RECURSOS


Contra os actos que se relacionan no artigo 40 do TRLCSP relativos a contratos que non sexan susceptibles de recurso especial en materia de contratación por non atoparse nos supostos descritos no dito artigo, e de conformidade co establecido nos artigos 116 e seguintes da Lei 30/1992, de 26 de novembro, caberá a interposición do recurso potestativo de reposición, no prazo de un mes, contado a partir do seguinte ó da notificación ou publicación do acto ante a Xunta de Goberno Local, ou ser impugnados directamente ante o Xulgado do Contencioso Administrativo de Lugo.

A N E X O I

DATOS:

| | | | |
|-------------|--|------------|--|
| EMPRESA: | | | |
| ENDEREZO: | | | |
| LOCALIDADE: | | PROVINCIA: | |

18

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: http://intranet.lugo.es/verifica Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica. | | | |
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | FECHA | 16/01/2014 |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 18/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

| | | | |
|--|--|-------------------|--|
| PERSOA DE CONTACTO: | | | |
| TELÉFONO: | | FAX.: | |
| MODALIDADE DE ACTIVIDADE PREVENTIVA | | | |
| 1º <input type="checkbox"/> CONCERTO CON SERVIZO DE PREVENCIÓN ALLEO OU MUTUA | | | |
| NOME: | | | |
| ENDEREZO: | | | |
| LOCALIDADE: | | PROVINCIA: | |
| PERSOA DE CONTACTO: | | | |
| TELÉFONO: | | FAX: | |
| ESPECIALIDADES CONTRATADAS: | | | |
| PERÍODO DE VIXENCIA DO CONCERTO: | | | |

* XUNTAR O CERTIFICADO DE QUE SE REALIZOU A AVALIACIÓN E O PLAN DE ACCIÓN ASÍ COMO A INFORMACIÓN E FORMACIÓN DOS TRABALLADORES.

2º **COMO MEMBRO DO SERVIZO MANCOMUNADO**

* Xuntar a acta de Constitución.

3º **TRABALLADOR DESIGNADO**

Nome e apelidos:

Cargo:

NOME EMPRESARIO:

SELO DA EMPRESA

DNI

FIRMA:

DATA:

ANEXO II

DECLARACIÓN RESPONSABLE DE VIXENCIA DOS DATOS ANOTADOS NO REGISTRO DE LICITADORES DE PRESENTACIÓN OBRIGATORIA XUNTO COA CERTIFICACIÓN DE INSCRIPCIÓN REXISTRAL

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., inscrita no Rexistro de Licitadores co n.º, en calidade de

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--------------------|--|--------------------------|------------------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 19/24 |



N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMIENTO ABERTO- 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

1º.- Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores (indicar cal é o rexistro) non foron alterados en ningunha das súas circunstancias e que se corresponden coa certificación do Rexistro que se achega a esta declaración.

Que os datos desta empresa que constan no Rexistro de Licitadores referentes a:

1.
2.
3.

sufriron alteración segundo se acredita mediante os documentos que se achegan a esta declaración e que estas circunstancias foron comunicadas ó Rexistro con data, mantendose o resto dos datos sen alteración algunha respecto do contido da certificación do Rexistro

2º.- Que a empresa que represento atópase ó corrente coas obrigas tributarias co Excmo. Concello de Lugo.

En, a de de 2013

Asdo:

**ANEXO III
MODELO DE DECLARACIÓN RESPONSABLE (só para os casos de non acreditar os requisitos mediante certificado de inscrición en Rexistro de licitadores)**


D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de

....., co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDIMIENTO ABERTO- 2014 declaro baixo a miña responsabilidade:**

Que o asintante desta declaración como a compañía mercantil á que represento es os administradores e representantes da mesma teñen plena capacidade de obrar e non se atopan comprendidos en ningunha das causas de prohibición para contratar co Concello de Lugo, enumeradas no artigo 60 do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público.

Que a empresa se atopa ó corrente no cumprimento das obrigas tributarias (coa Administración do Estado, co Concello de Lugo, así como de alta no Imposto de Actividades Económicas, e ó corrente do seu pagamento, no seu caso), e coa Seguridade Social establecidas polas disposicións vixentes.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 20/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |

Todo elo sen prexuízo de que en caso de ser seleccionado a xustificación fehaciente de tales requisitos se presentará antes da adxudicación no prazo concedido para esto.

Asimismo, declara que non está incurso en ningunha das causas ás que se refiren a Lei 12/1995, do 11 de maio, a Lei 9/1996, do 18 de outubro, sobre incompatibilidades de altos cargos, ley 5/2006, de 10 de abril, de regulación dos conflitos de interés dos membros do Goberno e dos Altos Cargos da Administración Xeral do Estado, a Lei 53/1984, do 26 de decembro, sobre incompatibilidades do persoal ao servizo das Administracións Públicas, a lei 5/1985, do 19 dexuño, de Réxime Electoral Xeral, nos termos establecidos nas mesmas, ou en calquera outra norma de aplicación na materia.

En último termo, declara que coñece o Prego de Cláusulas Administrativas Particulares e o de Prescricións Técnicas que serven de base ao presente procedemento de contratación, e que os acepta total e incondicionalmente, así como que é coñecedor das responsabilidades nas que incorrería no caso de falsidade do anteriormente manifestado.

Asimesmo **autorizo** ó organo de contratación a recabar os datos que obren en poder da Administración que fosen necesarios para comprobar a veracidade das declaracións realizadas.

..... de..... de.....
 (Lugar, data e sinatura do licitador)

**ANEXO IV
 COMPROMISO DE ADSCRIPCION DE MEDIOS PERSOAIS**

D./D.^aco D.N.I. n.º:, en nome propio ou en representación da empresa....., en calidade de, co obxecto de participar na **CONTRATACIÓN DE SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSA PARA O MANTENIMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS MEDIANTE ACORDO MARCO CON PROCEDEMENTO ABERTO- 2014** comprométome a adscribir á execución do contrato os medios materiais necesarios para a execución do contrato consistente na diposición dun punto de subministración sito nun radio de 25 quilómetros medidos dende o centro da cidade de Lugo.

***Se é posible indicar ubicación.**

En a de de 2013
 Asdo:

ANEXO V

DECRETO NÚMERO.....

Don-----, Tenente de Alcalde delegado da Área de,
 Lugo, o -----

Instruído o expediente relativo a: DECRETO DE ADXUDICACION DO CONTRATO DE SUMINISTRO DE EMULSIÓN BITUMINOSA DERIVADO DO ACORDO MARCO ASINADO EN DATA

Examinado o expediente de referencia e vistos:



Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|-------------|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 21/24 |



1.- Que en datafoi asinado coa empresa..... o acordo marco para a SUBMINISTRACION DE EMULSIÓN BITUMINOSAS PARA O MANTEMENTO DE TODA A REDE DE CAMIÑOS MUNICIPAIS

2.- Que en data foi efectuado un pedido para subministración de..... Tm de emulsión bitumonisa.

3.- Que en data remítese oferta pola empresa indicando un prezo unitario deeuros Tm máiseuros en concepto de IVE, sendo o prezo unitario total de Euros.

No uso das atribucións conferida á Tenente de Alcalde Delegada da Área de Medio Ambiente e Zona Rural por acordo da Xunta de Goberno Local número en sesión de data

RESOLVO:

PRIMEIRO.- Aproba-la contratación da subministracion deTm de emulsión bituminosa por un prezo unitario deeuros/Tm máiseuros en concepto de IVE, sendo o prezo unitario total de Euros. O gasto total ascende aeuros IVE incluído correspondentes á súa execución, con cargo á partidado vixente Presuposto municipal.

SEGUNDO.- Adxudica-lo referido contrato á empresa

TERCEIRO.- Este contrato rexerese polos pregos de condicións técnicas e de cláusulas administrativas particulares reguladoras da subministración de emulsión bituminosas para o mantemento de toda a rede de camiños municipais aprobado en data pola Xunta de Goberno Local.

QUINTO.- Notifíquese-la presente resolución ás partes interesadas coa indicación de que esta pon fin á vía administrativa e que contra ela poden interpoñer-se los seguintes recursos:

- Recurso contencioso-administrativo ante a Sala do Contencioso-Administrativo do Tribunal Superior de Xustiza de Galicia (artigo 10 da Lei 29/1998, do 13 de xullo), nun prazo de DOUS MESES, contados a partir do día seguinte ó da notificación do presente acto.

- Malia o anterior, e con carácter previo, poderá interpoñer-se lo recurso potestativo de reposición previsto no artigo 116 da Lei 4/1999, de modificación da Lei 30/1992, do 26 de novembro, ante a Alcaldía e no prazo de UN MES, contado dende o día seguinte ó da notificación do presente acto.

Así mesmo, déase traslado ás dependencias e ós servicios municipais afectados.”


B) “PREGO DE PRESCRICIÓN TÉCNICAS PARA A SUBMINISTRACIÓN DE EMULSIONS BITUMINOSAS

ANTECEDENTES.

A obriga de mantemento e conservación das pistas de titularidade municipal e das condicións de seguridade vial na circulación correspóndelle ao Concello de Lugo.

A Brigada da Zona Rural do Concello efectúa ditos traballos, sendo necesario en numerosas ocasións executar tratamentos superficiais con gravilla ou ben lechadas bituminosas. Para elo, é necesario dispór de emulsión bituminosa.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|---|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 22/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | | | |

PRIMEIRA. OBXECTO DO CONTRATO.

Consiste na subministración de emulsión bituminosa de fabricación catiónica con rotura rápida **C65B3**, segundo a O.C. 29/11 (**ECR-2** segundo a Orden de 27 de decembro de 1999).

SEGUNDA. CARACTERÍSTICAS TÉCNICAS.

A emulsión deberá cumprir coas especificacións indicadas no artigo 213 "Emulsiones bituminosas", contidas na O.C. 29/11, do "Pliego de Prescripciones Técnicas Generales para obras de carreteras y puentes", PG-3.

En particular, deberase cumprir:

- Contido mínimo de ligante (segundo norma UNE EN 1428): **65%**.
- Índice de rotura (determinado segundo norma UNE EN 13075-1): **3**.

TERCEIRA. PREZO DO CONTRATO.

O prezo máximo do contrato ascende á cantidade de **70.000 euros**. O prezo estimado da tonelada métrica segundo prezo de mercado ascende a **389,00 €/T**, sen IVE. O consumo anual de emulsión bituminosa estímase en 148,72 T.

CUARTA. PRAZO DE SUMINISTRO.

Realizarase nun prazo máximo de 24 horas unha vez solicitado o material.

QUINTA. LUGAR DE SUMINISTRO.

O punto de suministro deberá estar situado nun radio de 25km, medidos dende o centro da cidade de Lugo.

SEXTA. GARANTÍAS

As garantías rexiranse polo disposto no Título IV (capítulos 95 a 103) do Texto Refundido da Lei de Contratos do Sector Público, aprobado por R.D. 3/2011, ou ben pola norma que o substitúa.

SÉPTIMA. DEREITOS E OBRIGAS DO ADXUDICATARIO.

Solicitaranse, a xuízo do Servizo de Enxeñería, os ensaios que se estimen pertinentes. Os gastos correrán por conta do adxudicatario do contrato.

Se dos resultados dos ensaios dunha carga se deducise que as características da emulsión son diferentes ás especificadas no PG-3, a Administración non pagará dita carga.

OCTAVA. CRITERIOS DE VALORACIÓN.

Os criterios para a adxudicación do procedemento aberto son os seguintes:

a) **Oferta Económica:** (10 PUNTOS).

Para a valoración da oferta económica (P) aplicarase un criterio de proporcionalidade respecto da oferta menor (oferta mínima), a quen se lle atribuirá a puntuación máxima (10 puntos), calculando a ponderación das demais conforme a fórmula seguinte:

10 x Oferta Mínima

23

| | | | |
|-------------|--|-------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclpTyA== | PÁGINA 23/24 |



P = -----
 Oferta Licitador"

TERCEIRO.- Aprobar o gasto de 70.000 euros con cargo á aplicación orzamentaria 45901.21000 do Orzamento municipal e comprometerse a habilitar crédito presupostario nas contías necesarias para a execución do contratos para os exercicios 2015 e seguintes en caso de prórroga.


CUARTO.- Aprobar a adxudicación por procedemento aberto, de acordo co disposto nos artigos 138, 157 e seguintes do TRLCSP.

QUINTO.- Publicar o anuncio de licitación no Boletín Oficial da Provincia de Lugo así como no perfil do contratante do Concello de Lugo.

SEXTO.- Delegar no Tenente de Alcalde Delegado da Área de Infraestruturas e Medio Rural a adxudicación dos contratos derivados deste acordo marco.

E para que así conste no expediente, coa expresa advertencia prevista no artigo 206 do Regulamento de organización, funcionamento e réxime xurídico das entidades locais de que a Acta da sesión na que foi adoptado o acordo transcrito aínda non foi aprobada, e a reserva dos termos que resulten da aprobación desta, expídese esta certificación de orde do Excmo. Sr. Alcalde, don José Clemente López Orozco, coa súa sinatura e a da Ilma. Sra. dona María del Carmen Basadre Vázquez, Tenenta de Alcalde Delegada da Área de Cultura, Turismo, Xuventude e Promoción da Lingua e Secretaria da Xunta de Goberno Local.

Código Seguro de verificación:N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA==. Permite la verificación de la integridad de una copia de este documento electrónico en la dirección: <http://intranet.lugo.es/verifica>
 Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la Ley 59/2003, de 19 de diciembre, de firma electrónica.

| | | | |
|--|--|--------------------------|--------------|
| FIRMADO POR | Jose Clemente Lopez Orozco - Alcalde do Concello de Lugo | FECHA | 16/01/2014 |
| | Carmen Basadre Vazquez - TA Delegada Cultura | | |
| ID. FIRMA | afirma.pro | N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | PÁGINA 24/24 |
|  N+X4iRA4G2fpc5yclepTyA== | | | |